

Euclides

(Grecia, 325-265 a.N.E.)



Matemático e xeómetra grego. Coñécese como «O Pai da Xeometría».

A súa obra *Os Elementos* é unha das obras científicas máis coñecidas. Foi unha recompilación do coñecemento matemático existente na época. Presenta dunha maneira formal, partindo unicamente de cinco postulados, o estudo das propiedades de liñas e planos, círculos e esferas, triángulos e conos etc.; *i. e.*, das formas regulares. Probablemente ningún dos resultados de *Os Elementos* foi demostrado por primeira vez por Euclides, pero a organización do material e a súa exposición, sen ningunha dúbida, débense a el.

A Xeometría de Euclides, ademais de ser un poderoso instrumento de razoamento dedutivo, foi extremadamente útil en moitos campos do coñecemento; por exemplo na Física, na Astronomía, na Química, nas Enxeñarías e como non, nas Matemáticas.

A xeometría de Euclides foi unha obra que perdurou sen variacións ata o século XIX. Finalmente, algúns autores crearon novas xeometrías ao substituír o axioma das paralelas, que deron orixe ás «xeometrías non euclidianas». Estas xeometrías teñen como característica principal que nelas os ángulos dun triángulo xa non suman 180° .